

Aspectos da defensa de Pontedeume na Primeira Guerra Carlista

XOSÉ MARÍA VEIGA FERREIRA*

INTRODUCCIÓN

Pontedeume nos anos finais da década de 1830 vese inmerso como tantos outros pobos de Galicia na conflictividade orixinada pola primeira guerra carlista. As actuacións das guerrillas carlistas contra o réxime liberal de Isabel II, poñen en perigo a xentes e propiedades, dándose durante este período feitos violentos en pobos como Chantada, Lugo, Monforte, Carballo, Tui, etc. (1). Os habitantes das vilas viven en continuo desasosiego ante posibles ataques, o que os leva a poñer en práctica sistemas de defensa como o que aquí expoñemos para Pontedeume.

SÍNTOMAS DE INTRANQUILIDADE

Desde 1834 hai unha situación de guerra en Galicia, pero en Pontedeume vívese dunha maneira tranquila ata que a finais do ano de 1838 xurden síntomas de alarma, ó coñecerse unha incursión de faccións carlistas entre Pontedeume e Betanzos. Convócase un pleno extraordinario na casa do Concello, xa que ó producirse este feito tan cerca da vila téñese un posible golpe de man dalguha facción carlista. Considérase necesario tomar unha serie de medidas para salvagardar a seguridade do pobo (2). Acórdase en primeiro lugar que en caso de invasión, a Milicia Nacional tome as avenidas da vila colocándose en varias casas para desde alí defenderse a cuberto (3). Pásase aviso ó comandante de Nacionales D. Narciso Yrrijoa para que teña disposto o reparto da forza que sexa preciso que concurra a cada unha das casas indicadas. Dispónse, así mesmo, mandar un oficio ó Capitán Xeneral do Reino de Galicia dándolle parte do ocorrido, oficio do que se conserva copia no arquivo municipal (4), e no que se dí o seguinte:

* Xosé María Veiga Ferreira, betanceiro, é licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago. Recentemente, como bolseiro da Xunta de Galicia, inventariou o Arquivo Municipal de Pontedeume, baixo a coordinación de Alfredo Erias, arquivero municipal de Betanzos.

(1) Datos recollidos da obra de BARREIRO FERNANDEZ, Xosé Ramón. El carlismo gallego. 1976.

(2) Acordo do concello de 3-11-1838. Sección Obras Públicas. Sig. 111. Arquivo Municipal de Pontedeume. (Pode extrañar que moitos dos documentos aquí citados pertencen a sección de obras públicas, isto será debido a que todos eles están formando parte dun mesmo expediente.)

(3) As casas das que se da relación son as seguintes: a de D. Juan Sanchez, a de Da Josefa Gayoso, Manuel Perez, Simón do Couto, D. Nicolas Roberes, D. Manuel Estella, D. Modesto punin, viuda de Maldonado, Alberto Vazquez, Maria Antonia Menaya, e na torre da igrexa parroquial.

(4) Copia do oficio do concello dirixido o Capitan Xeneral do Reino de Galicia en 3-11-1838. Secc. Obras Públicas. Sig. 111. A.M.P.

"... Una facción de Caballería mandada según noticias por el Fraile Saturnino (5) y compuesta de ciento veinte hombres poco mas o menos se dejó caer el día primero del corriente en el Puente del Porco f^{ta}. de Santa María de Miño de este Partido Judicial, bajando por la Parroquia de San Pantaleón de las Viñas del de Betanzos, habiendo desde allí extendiéndose hasta la f^{ta}. de Carantoña tres cuartos de legua de esta Villa. Asesinaron dos carabineros de Hacienda pública y dos paisanos, hirieron a varios, robaron a todos los pasajeros que iban a Betanzos a la feria que se celebraba aquel día y saquearon porción de Casas del tránsito, retirándose la tarde del mismo día a la montaña. La compañía armada de Milicia Nacional que hay en este pueblo se puso sobre las armas, saliendo parte de ella de abanzada al camino de dicha Ciudad de Betanzos ..."

Pídese tamén ó Capitan Xeneral do Reino de Galicia o acantonamento na vila de polo menos 50 homes do exército regular, dada a precariedade da Milicia Nacional, expoñendo a importancia económica da vila, xa que había administración de rendas onde se recollían as contribucións dos pobos veciños, con de alfolíes de sal e outras existencias da facenda nacional, polo que podería ser considerada polas faccións carlistas como un punto importante para dar un golpe de man.

A contestación a este oficio recíbese a mediados do mes de Santos (6), onde se comunica a imposibilidade nese momento de acantonar parte do exército regular, e considérase que a forza da que se dispón na vila é suficiente para a defensa, suxeríndose a posibilidade de cerrar o pobo con portas ou tapias, executándoas coa axuda do vecindario.

MEDIDAS DEFENSIVAS

O día 12 do mesmo mes pónense en vixencia unha serie de medidas relativas á seguridade pública (7):

1^a Que los vecinos honrados que no pertenezcan á la Milicia Nacional y tengan la robustez bastante para tomar las armas en los adentros dela Villa, de los que la Corporación formará una lista y organizará como corresponde, se presentarán con las armas que tengan en caso de alarma á disposición del Ayuntamiento para patrullar y hacer lo mas que se les prevenga á fin de conservar la tranquilidad publica.

2^a Que en caso de alarma se ponga inmediatamente una guardia en la Carcel para custodia delos presos interin que la Autoridad competente no disponga de ellos.


3^a Que en igual caso se cierren inmediatamente los establecimientos de aguardenterias, Tabernas y mas puestos publicos.

4^a Que todas las embarcaciones sitas en este Puerto queden a disposicion de sus Autoridades, sin cuyo permiso no puedan salir, y a este efecto se pase el oportuno oficio al Sr. Ayudante de Marina del Distrito para su conocimiento y a fin de que comunique las oportunas ordenes a los Cabos de mar para que asi lo verifiquen.

(5) Saturnino Enriquez dirixía unha facción na área de Mesia-Betanzos, era un dos cabecillas máis famosos e máis temidos pola súa crueldade do carlismo galego. (BARREIRO FERNANDEZ. X. R. El carlismo gallego. 1976.)

(6) Oficio do Goberno Político da Provincia da Coruña dirixido ó alcalde do concello en 10-11-1838. Secc. Obras Públicas. Sig. 111. A.M.P.

(7) Acordo do concello de 12-11-1838. Secc. Obras Públicas. Sig. 111. A.M.P.



Esta portada tiene la altura que demuestra el diseño, repartida
 por la base que se representa; y por ella resulta tener de alto 5 1/2 lineas
 su ancho 2. Las celunas altas son iguales en grueso de casa 6. pulgadas
 y por el canto 4 y media, se mira por su grueso; los portones que
 causan tienen el grueso de 4 y media con 3. al canto, su afuera por
 lo exterior ventado segun se ve; los huecos de la grada son de 1 y
 media pulgadas, su tranca, Canadura, y portones segun se ve
 en esta, en portonado en Canseña, su cubierta y Caballero con el
 corte que venida; al medio llevará un bisiposte de Canseña.

Proxecto feito para a construción das portas da vila de Pontedeume. A.M.P.

5ª Que se prohíbe absolutamente toda voz injuriosa y alarmante, algazara, griteria, ni otra cualquier acción que en semejantes casos conduzca á comover mas ó indisponer y alterar los ánimos.

6ª Que desde ahora se prohíbe toda reunión nocturna que de cualquier modo conduzca á alterar el orden, la tranquilidad y sosiego públicos, quedando responsables lo Alcaldes de Barrio de la observancia de estos dos artículos en sus respectivos Cantones.

7ª Que ningún vecino en el caso referido salga del Pueblo sin permiso de la Autoridad, exceptuando mujeres y niños.

8ª Que además de los puestos y vigias acordadas, se establezcan una en el lugar de Medra fra. de Limodre Ayuntamiento de Fene, y otra en el Puerto del Seijo Ayuntamiento de Mugarodos para correr con rapidez cualquier pliego que sea necesario.

9ª Que para noticia del público se publique bando con inserción de las medidas 1ª, 2ª, 3ª, 4ª, 5ª, 6ª, y 7ª a fin de que las cumplan en todas sus partes, y advertencia de que el que contravenga á lo mandado será penado con una multa de irremisible exacción de Cinco a cincuenta ducados, según la falta ..."

As portas

Polo que respecta á recomendación do Goberno Político de pechar a vila, tampouco cae en fondo perdido, e así acórdase o día 2 de decembro colocar portas nas rúas (8), así como as condicións requeridas polas mesmas, sacándose a público remate o día 22 do mesmo mes. As condicións serían as seguintes (9):

"1ª Las puertas serán nueve, que se pondrán en los sitios que señala el acuerdo anterior, haciendo en la Calle de la atahona la Calzada necesaria de lengüeta, donde sea colocada, que será haciendo esquina con la casa de Jose Rodriguez, buscando la escuadria de la escuela: la de porto una de sus ojas empalmada en la esquina de la Casa que havita D. Manuel Estrella, y la otra en el membro nuevo: la del empedrado en la esquina de la Casa de Manuel Fernandez Labra: la de las Virtudes, una cerrando la esquina de la Casa de Cayetano Allegue, y la otra en la Corredera de las virtudes, donde hace cepa la esquina del atrio de la Capilla: las de la escalerilla de la escuela, matadero, puente y torron en estos mismos sitios..."

2ª La figura y construcción de las puertas será igual en todo al modelo que sigue á esta oja (fig.), tanto en altura como en grueso, teniéndose por expresa condición la explicación sentada a su pie, de la que no podrá salir el rematante salvo alguna que otra modificación que exija la localidad.

3ª Las paredes de las puertas tendran de grueso ó espeso una vara contra la puerta, y á sus extremos tres Cuartas: se construhiran de pizarra seca recebadas de esparabel por una y otra parte, y con las piezas de Canteria que señala el diseño...

4ª Se colocaran debajo del Caballete de la portada unas locas que vuelen una cuarta dentro y fuera...

5ª ...La madera de pontones y tablas será toda de castaño, y se pintarán de almazarron con bastante mordiente...

6ª ...Las paredes serán aspilleras ó con troneras, donde quepan á la altura correspondiente.

(8) Acordo do concello de 2-12-1838. Secc. Obras Públicas. Sig. 111. A.M.P.

(9) Acordo do concello de 15-12-1838. Secc. Obras Públicas. Sig. 111. A.M.P.

7ª ...El termino para darlas conclusas será unicamente mes y medio; asi como tambien será de cuenta del rematante todos los jornales, Clavazon, madera y mas materiales que al efecto se necesiten."

O remate ou subasta das obras realizase o 22 de decembro, sendo adxudicadas en 380 réas de vellón a D. Nicolás Santos (10). Para financialas faise unha suscripción popular coa que se recaudan 1.110 réas de vellón (11).

Nos proxectos das portas faise posteriormente un axuste ou modificación das condicións xerais (12). Haberá unhas principais: **Porto, Atahona e Calle Real**. As que levarán de alto quince cuartas; **a das Virtudes** atendendo a que non pasan carros serve de catorce, así como **a da escaleira da igrexa**. Polo que respecta á Calle Real infórmase que hai queixas dos veciños, de que algúns quedan fora do recinto, polo que se aconsella facela mais abaixo, xa que o custo sería o mesmo.

A construción das portas non se fai no prazo de mes e medio prefixado na súa contratación. Acabarase a súa construción no mes de setembro de 1839, curiosamente o mesmo en que se asina o convenio de Vergara que poñerá o remate oficial a esta primeira guerra carlista (13). Pero, de feito, a guerra aínda continuará dando os seus últimos coletazos, polo que se acorda cerra-las portas, fixándose bando da alcaldía con este motivo (14):

"D. Agustin Alonso Alcalde primero Constitucional Presidente del Ayuntamiento de esta Villa de Puentedeume: Hago saver al publico que la Corporación para evitar un golpe de mano de los Latrofaciosos que infestan el pais acordó cerrar y cerro este Pueblo con puertas que cubran todas sus avenidas. Estando ya estas concluidas y siguiendo la pérvida Canalla asaltando los Pueblos menores en los que roban, asesinan y cometen los mayores Crimenes ahora con mas rábía y desesperación que nunca por ver perdida su mal hadada Causa y proximo su exterminio, para librar de cualquier sorpresa este leal vecindario tambien determinó se Cierren dichas puertas desde las diez de la noche hasta el amanecer, cuya operación principiara desde la noche de oy en adelante mientras que la deseada paz no dé á los Ciudadanos aquella seguridad individual que es el fin de toda sociedad Constituida. Y para que llegue á noticia de todos se publica el presente en la Villa de Puentedeume á diez y nueve de setiembre de mil ochocientos treinta y nueve."

Quedará desta maneira pechada a vila coas portas seguintes: **Atahona, Porto, Empedrado, Virtudes, escaleira da igrexa, Matadeiro, Torrón, Calle Real e a da ponte**. Estas portas poderían corresponderse algunhas delas coas antigas portas da vila de Pontedeume, tendo en conta que non hai practicamente crecemento da vila nas épocas anteriores. De feito as rúas que delimitan a poboación a principios do s. XIX son as mesmas que existían xa nos séculos XVI e XVII.


(10) Adxudicación das obras no edificio do concello en 22-12-1838. Secc. Obras Públicas. Sig. 111. A.M.P.

(11) Lista de veciños coas cantidades na suscripción popular para construír as portas da vila en 28-1-1839. Secc. Obras Públicas. Sig. 111. A.M.P.

(12) Informe de Bartolomé Perez Tenreiro dirixido ó concello, onde se presentan unha serie de modificacións na construción das portas da vila en 28-12-1838. Secc. Obras Públicas. Sig. 111. A.M.P.

(13) Acordo do concello onde dase conta da finalización das obras das portas da vila en 18-11-1839. Secc. Obras Públicas. Sig. 111. A.M.P.

(14) Bando do alcalde de 19-11-1839. Secc. Obras Públicas. Sig. 111. A.M.P.



Ponte deume a finais do s. XIX.

Forzas Militares

As forzas coas que se conta para a defensa da vila serían de tres clases:

- O exército regular, que nun primeiro momento cando se produce a alarma de 1838 non tiña ningún destacamento en Pontedeume. Si temos noticias do acantonamento dunha forza de tropa regular no 1839, en que por un oficio do comandante militar, D. Alejandro Pérez, en marzo de 1839 pídesse o franqueo do convento de Agustinos no seu tramo norte para acuartelar a tropa que por orde do Capitán Xeneral acatónase neste pobo, e solicítase permiso para tirar as divisións de ladrillo que constituían as celdas, facendo de todo un só espacio ou cuadra para así ter reunida a forza. Ó que o concello da permiso (15).

- A Milicia Nacional, era un corpo de voluntarios para a defensa da vila e do distrito. Foi organizada no ano de 1834 (16). Nun principio a xente é remisa a formar parte desta forza, no primeiro alistamento voluntario contabilízanse samente 9 homes, pero as presións exercidas pola Capitanía Xeneral de Galicia obrigan á poboación a decantarse por un ou outro bando (17). Polo que o seguinte alistamento é masivo, contabilizándose un total de 114 milicianos a finais de 1834. Esta forza verase incrementada progresivamente en anos sucesivos, así o que empezou cunha Compañía no 1834, no ano de 1836 será un batallón con tres Compañías e no 1837 con catro, cun total de tropa de 400 milicianos sen contar oficiais. A finais da guerra, en 1840 serán 490 milicianos (18).

Os problemas desta forza eran principalmente os de armamento, xa que para 400 homes contaban tan só con 126 fusís. Outro dos problemas será o económico, xa que tiñan que subsistir polos seus propios medios, facendo suscripcións voluntarias, poñendo multas ós propios milicianos por faltas no servicio, e por ingresos atípicos como no ano de 1838 en que se representa por varios mozos aficionados a comedia titulada "*La viuda de Padilla*" para recaudar fondos para esta milicia (19).

Os gastos tampouco eran de consideración, xa que o máis oneroso eran os soldos dos dous tambores do batallón, que eran os verdadeiros profesionais, e que se levarían algo mais da metade do presuposto.

A dirección desta forza foi ostentada durante todo este período por D. Narciso Yrrijoa, nombrado comandante da devandita forza no ano de 1834.

- Voluntariado, será xente que non pertence á Milicia Nacional e que en caso necesario servise para a defensa. Contabilízanse un total de 186 homes no ano de 1838 (20), en que se fai un chamamento por medio de bando da alcaldía.

(15) Oficio do comandante militar D. Alejandro Pérez ó alcalde do concello en 16-3-1839. Secc. Goberno. Sig. 7. A.M.P.

(16) Por Reais Decretos de 16, 20 de febreiro e 1 de marzo de 1834, para o alistamento de voluntarios da Milicia Nacional, os sucesivos alistamentos consérvanse no A.M.P. Secc. Servicios Militares. Sig. 228.

(17) Extracto de entrevista co Capitan Xeneral do Reino de Galicia. Secc. Servicios Militares. Sig. 228. A.M.P.

(18) Secc. de Servicios Militares. Sig. 228 e 229. A.M.P.

(19) Secc. de Servicios Militares. Sig. 228. A.M.P.

(20) Expts. de alistamento de voluntarios para a defensa da vila. Secc. Obras Públicas. Sig. 111. A.M.P.

O FIN DA GUERRA

A pesares de estar acabada a 1ª guerra carlista coa firma do convenio de Vergara, e a conseguente celebración do acontecemento por parte da vila de Pontedeume coa súa publicación a toque de reloxo, con repique xeral de campás, e con ambiente festivo (21), a situación de guerra seguiu ata o mes de xaneiro de 1840 en que o Capitán Xeneral acorda o levantamento do estado de sitio, o que é recollido en acta capitular do concello de 26 de xaneiro de 1840 (22):

"...se acordó que, mediante la pacificación de esta Provincia está casi del todo lograda, por cuya razón el Excmo. Señor Capitan General del Reyno suspendió los estados de sitio, bandos y mas providencias de rigor que prudentemente se habian tomado con anterioridad para contener y exterminar las hordas de facciosos que infestaban este territorio, que las puertas que se construyeron en esta villa, á fin de evitar cualquier sorpresa, queden abiertas, sobre lo que se oficie lo oportuno al Señor Comandante militar en cuyo poder se hallan las llaves en atencion a que por oy no se recela la mas minima invasion.

Yden se acordo que por la misma razon por ahora se suspendan las guardias y Atalayas que cubrian los labradores en distintos puntos del distrito hasta nueva orden por no haver actualmente necesidad de molestar a estos pacificos havitantes..."

CONCLUSIÓN

Desta maneira queda cerrado un capítulo daquela primeira guerra carlista, que supuxo para Pontedeume vivir uns anos de inseguridade, nunha sociedade militarizada, onde predominaban máis que ningunhas outras medidas de defensa, que supoñían para os seus habitantes un agravamento da situación, que xa de por sí era onerosa e que se ve empeorada nestes anos con novas prestacións, tanto personais como pecuniarias.



(21) Sesión extraordinaria do concello, en que se da conta do convenio de Vergara en 10-9-1839. Secc. Goberno. Sig. 7. A.M.P.

(22) Secc. Goberno. 26-1-1840. Sig. 396. A.M.P.